

REUNIÓN DA COMISIÓN 8.^a, PESCA E MARISQUEO

Día: 23.11.2017 Hora: 10:30

A Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 23 de novembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elaboración do ditame á vista do Informe da Ponencia en relación co Proxecto de lei de Portos de Galicia (10/PL-000005, doc. núm. 14376)

Punto 2. Preguntas

- 2.1 12793 (10/POC-002173)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis
Sobre a valoración do Goberno galego da xuntanza mantida polo presidente de Portos de Galicia cos grupos políticos, profesionais e sociais de Redondela para abordar a problemática do porto de Cesantes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 157, do 03.08.2017
- 2.2 16610 (10/POC-002881)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a realización polo Goberno galego dalgún estudo en relación coa caída que rexistran as capturas de sardiña entre os anos 2006 e 2016, as súas causas e as medidas previstas para revertir esa tendencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 177, do 19.09.2017
- 2.3 19028 (10/POC-003132)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para evitar a contaminación do mar a consecuencia da vaga de incendios rexistrada a mediados de outubro de 2017 no litoral galego, así como as súas previsións respecto da activación do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 199, do 24.10.2017
- 2.4 19638 (10/POC-003217)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para resolver o problema das frotas do cerco e do xeito ante a escaseza de sardiña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 207, do 08.11.2017



O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 23.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Elaboración do ditame á vista do Informe da Ponencia en relación co Proxecto de lei de Portos de Galicia (10/PL-000005, doc. núm. 14376)

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 23.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 23.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 12793(10/POC-002173)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego da xuntanza mantida polo presidente de Portos de Galicia cos grupos políticos, profesionais e sociais de Redondela para abordar a problemática do porto de Cesantes

Publicación da iniciativa, 157, 03.08.2017



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 12793
Data envío: 17/07/2017 14:23:42.529**

Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Carlos López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, M^a Angeles García Míguez, Soraya Salorio Porral, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O pasado 14 de febreiro tivo lugar unha xuntanza na lonxa do porto de Cesantes, na vila de Redondela, durante o transcurso da cal o Presidente de Portos de Galicia, acompañado de distintos técnicos, explicou aos membros da corporación municipal de Redondela, aos representantes do sector do mar, e a membros de distintos colectivos sociais as conclusións do estudo técnico realizado para analizar as posibilidades de mellora das condicións das instalacións portuarias, nomeadamente da posibilidade de recuperar calado para facilitar as manobras de saída e atraque, así como as posibilidades de mellora ambiental da súa contorna.

A través desta xuntanza, o responsable de Portos de Galicia tamén puido recoller as preocupacións e o sentir dos distintos grupos políticos, profesionais e sociais alí representados, co gallo de acadar, segundo as súas propias verbas, un consenso para marcar a folia de ruta das actuacións que se deben levar a cabo neste porto.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

- 1.- Que valoración fai o Goberno galego da xuntanza mantida polo Presidente de Portos de Galicia cos grupos políticos, profesionais e sociais de Redondela para abordar a problemática do porto de Cesantes?
- 2.- Cales son os seguintes pasos previstos para dar resposta á citada problemática nas instalacións portuarias de Cesantes ?

Santiago de Compostela, 17 de Xullo de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 17/07/2017 14:21:31

Carlos Enrique López Crespo na data 17/07/2017 14:21:42

Teresa Egerique Mosquera na data 17/07/2017 14:21:54

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 12793**
Data envío: 17/07/2017 14:23:42.529

María Ángeles Garcia Míguez na data 17/07/2017 14:22:11

María Soraya Salorio Porral na data 17/07/2017 14:22:20

Marta Rodriguez Arias na data 17/07/2017 14:22:39

Daniel Vega Pérez na data 17/07/2017 14:22:51

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 23.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 16610(10/POC-002881)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a realización polo Goberno galego dalgún estudo en relación coa caída que rexistran as capturas de sardiña entre os anos 2006 e 2016, as súas causas e as medidas previstas para reverter esa tendencia

Publicación da iniciativa, 177, 19.09.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, sobre as causas na redución do número de capturas de sardiña.

A sardiña representa un produto fundamental para a pesca galega, sobre todo para artes como a do cerco e, en menor medida, a do xeito, sendo o sustento para milleiros de familias galegas polo seu valor comercial.

Sen embargo, ao longo dos últimos anos, o número de capturas de sardiñas non fixo máis que descender. Entre os anos 2006 e 2016 a caída foi progresiva, pasando das 20.227.138 kg aos 4.374.736 kg, un descenso do 78%. Esta é unha cifra que ten alarmada aos mariñeiros porque deixa nunha situación moi delicada a todo o sector.

O certo é que a orixe do problema non é clara, diversos estudos chegan a contradicirse sobre a orixe do problema. Algúns fan referencia á sobrepesca, pero a realidade é que a presión pesqueira non aumentou non últimos anos, polo que esta opción ten pouco peso dentro da comunidade investigadora. Outras alternativas son os altos niveis de contaminación do mar ou tamén o cambio climático, que ten como consecuencia un aumento da temperatura o que fai que a sardiña se dirixa a augas máis frías cara o norte.

Recentemente Portugal enviou un buque para analizar as causas deste descenso no número de capturas, un problema que por desgracia non é novo e que tal como reflexan os datos representa unha situación que empeora ano a ano.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 17:13
Nº Rexistro: 16610
Data envío: 14/09/2017 17:13:02.373



Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- Realizou a Xunta de Galicia algún estudo para explicar a redución no número de capturas de sardiña?
- Cales son as causas de esta redución?
- Que medidas establece a Xunta de Galicia para revertir a tendencia negativa no número de capturas da sardiña?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 14/09/2017 17:01:15

Juan José Merlo Lorenzo na data 14/09/2017 17:01:21

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 23.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 19028(10/POC-003132)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para evitar a contaminación do mar a consecuencia da vaga de incendios rexistrada a mediados de outubro de 2017 no litoral galego, así como as súas previsións respecto da activación do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia

Publicación da iniciativa, 199, 24.10.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Trala vaga de lumes, como a vivida o 15 de outubro na Comunidade galega, a parte do efecto inmediato na vida vexetal, existen outras consecuencias directas que afectan ao mar. A choiva arrastra gran cantidade de cinzas e outros residuos, ladeira abaixo ata chegar a un río e ao mar. A partir de aí, os materiais contaminados con substancias potencialmente perigosas chegan a ecosistemas produtivos. como o marisco e, especialmente, os moluscos (mexillóns, berberechos, recoiro, entre outros), peixes e outros. No caso do marisco e en concreto dos moluscos, de grande importancia para a economía galega, a contaminación prodúcese por filtración, xa que reteñen gran cantidade de materia orgánica.

A pesar dos riscos potenciais, e para evitar que as substancias tóxicas cheguen ao mar e teñan efectos negativos no ecosistema mariño, é necesario establecer medias preventivas á máxima urxencia.

No Decreto 438/2003, do 13 de novembro, polo que se aprobaba o Plan básico de continxencias por contaminación mariña para a defensa dos recursos pesqueiros, marisqueiros, paisaxísticos, acuícolas e ambientais de Galicia, establécese o seguinte:

No artigo 21º.- Resposta operativa á vertidos terra-mar, establécese que ante unha vertedura ou incidente que teña a súa orixe en terra e sexa susceptible de producir contaminación mariña no mar, poñerase en marcha unha serie de protocolos de actuación que dean resposta operativa á activación dos medios humanos e técnicos de loita contra a contaminación.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:58
Nº Rexistro: 19028
Data envío: 18/10/2017 17:58:26.243



 Grupo Parlamentario

No artigo 22º recóllese a resposta operativa aos vertidos mar-terra.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que se debe activar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia (Plan Camgal) que establece as normas e procedementos básicos de actuación, a estrutura de organización e ou sistema de resposta fronte a un episodio de contaminación mariña accidental que se produza ou afecte ao litoral galego.

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medidas vai tomar o Goberno galego para evitar a contaminación do mar, como consecuencia dos incendios ocorridos a mediados de outubro no litoral galego?

2ª) Vai activar o Goberno galego o Plan Camgal, se for o caso, cando, e en que zonas?

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 18/10/2017 17:51:45

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2017 17:51:58

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 23.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 19638(10/POC-003217)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para resolver o problema das frotas do cerco e do xeito ante a escaseza de sardiña

Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2017 18:05
Nº Rexistro: 19638
Data envío: 02/11/2017 18:05:26.286

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas a tomar para a recuperación da sardiña.

Diversos informes científicos insisten na escaseza de capturas de sardiña que se ven producindo nos últimos anos, así como a diminución do stock. Constatan reducións alarmantes, polo que dende diversos foros reclámase a necesidade de tomar medidas urxentes. Medidas precisas para a recuperación do stock e para minimizar a repercusión naqueles sectores que teñen unha maior vinculación con esta especie como son o cerco e o xeito.

O criterio de regulación da pesquería da sardiña foi modificado no ano 2014, de xeito que se estableceu un Plan de xestión para os buques dos censos do Caladoiro do Cantábrico e Noroeste, quedando redactado do seguinte xeito “ As embarcacións que realicen pesquerías de cerco atenderán ao volume de capturas e desembarques, por día natural, aos límites máximos seguintes: Ningún”.

Medidas coma esta, defendida pola consellaría do Mar, reflicten ou descoñecemento ou actuación temeraria, xa que todos os indicadores apuntan a unha situación crítica ante a que se fai preciso actuar.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2017 18:05
Nº Rexistro: 19638

Data envío: 02/11/2017 18:05:26.286

Por estas razóns fórmulase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para resolver o problema das flotas do cerco e do xeito diante da escaseza de sardiña?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2017 18:03:21

Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2017 18:03:26

Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2017 18:03:30



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2017 18:05
Nº Rexistro: 19638

Data envío: 02/11/2017 18:05:26.286

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2017 18:03:34

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2017 18:03:37

Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2017 18:03:41